

RESOL

Hojilla volandera del pueblo

Alfonso Mumary Ruibal

Dixera no último número que si a dirección mo permitía falariamos un pouco máis de Luis Manteiga, xa que tamén os orixinais desta "hojilla volandera del pueblo" máis coñecida por Resol eran tamén da súa propiedade.

Pois ben, Luis Manuel Antonio Manteiga naceu o 30 de xullo de 1903 en Santiago de Compostela, onde foi rexistrado como fillo de pai descoñecido, pero sabemos polo seu amigo Francisco Fernández del Riego que o pai biolóxico era un home da Igrexa. Infancia marcada pola fame, o frío e sobre todo polas crenzas relixiosas da súa nai. Neste ambiente o rapaz pensou dedicarse a Deus, quizais apoiado polo seu pai. Adquire unha cultura a pesar de non pasar dos estudos primarios e dedícase a traballos manuais e non intelectuais. Sostén graves conflitos relixiosos coa súa nai coa que se reconcilia máis tarde comprendendo o inxusto do seu comportamento. (Datos facilitados por Adelaida Lorenzo Sueiro, sobriña da poseedora de todos os manuscritos do escritor, e Emilio Cameo Chenlo, o seu esposo, así como do libro Teatro Galego de Laura Tato).

Da man de Arturo Cuadrado Moure, entra a

traballar como vendedor na casa de D. Segundo García de Arriba, na rúa do Preguntoiro nº 9 de Santiago e conta Cuadrado o seguinte: "Un día dime o meu amigo Luis Manteiga: Arturo, necesito traballo. Pois non te preocupes, respondinlle, ven polo meu choio que falo con D. Segundo e creo que hai posibilidade de que te empregue como vendedor, atendendo aos clientes que temos en distintas partes de Galiza. Así foi que falamos co dono e Manteiga comezou a traballar. Aos poucos días foise a percorrer Galiza.

DIBUXO
DE
MASIDE



ANTE LAS TORRES DE COMPOSTELA

También la piedra, si hay estrellas, vuela.
Sobre la noche biselada y fría,
creced, mellizos lirios de agonía,
creced, pujad, torres de Compostela.

Campo de estrellas vuestra frente anhela,
silenciosas maestras de porfía.
En mi pecho —ay, amor— mi fantasía
torres más altas labra. El alma vela.

Y ella —tú— aquí, conmigo, aunque no alcanzas
con tus dedos mis torres de esperanzas
como yo estas de piedra con los míos,

contemplo entre mis torres las estrellas
—no estas de otoño, bórralas— aquellas
de nuestro Agosto ardiendo en sueños fríos.

GERARDO DE DIEGO.

Madrigal, a la ciudad de Santiago

Chove en Santiago
meu doce amor.
Camelia branca do ar
brila entebrecido o sol.

Chove en Santiago
Na noite escura,
Herbas de prata e sono
cobren a valeira lúa.

Olla a choiva pol-a rua
Ceio de pedra e cristal
Olla no vento esvaído
Soma e cinza do teu mar.

Soma e cinza do teu mar
Santiago, lonxe do sol;
Agoa de mañan anterga
treme no meu corazón.

FEDERICO G. LORCA.

Resol

dicembro de 1932

hojilla volandera del pueblo - 6



O S N E N O S

Eu non teño mágoa do picariño que mira con ollos encalmados de boy cand'os automóviles pasan pol-a sua porta. Eu non teño door do picariño que non corre detrás dos automóviles. Fame que pase o picariño, sempre será feliz.

Eu teño mágoa do rapaz que sinte formigueiros nos pés cand'os automóviles pasan pol-a sua porta. Eu teño door do picaro que corre detrás dos automóviles. Os rapaces inquedos que andan probando as suas forzas en tódal-as máquinas non encherán os seus anxeos de felicidade.

Os rapaces da miña terra corren sempre detrás dos automóviles.

Do libro COUSAS por Castelao

Mentres visitaba aos clientes facía un libro de viaxes que é unha obra fermosísima. Ao chegar a Santiago o resultado comercial fora nulo, mais o cultural marabilloso: nacera un libro. Manteiga perde o seu emprego pero Galiza gaña un libro".

Anécdota sacada do libro " Protagonistas dunha epopea colectiva" de Lois Pérez Leira. O libro de Manteiga titulado " Lugares y caminos" publícallo o seu amigo Luis Seoane despois da súa morte.

Nunha das viaxes soubo que estaba tísico, enfermidade que tivo grandes repercusións na súa vida sentimental.

A partir de 1930 atopamos a Manteiga formando parte do grupo de artistas e escritores comprometidos con Galiza sendo tamén dos que recibiu a García Lorca cando chega a Santiago.

Foi director do semanario "Claridad. Semanario de Izquierdas", colaborador de "Guión", "Yunque", "A Nosa Terra", "Nós" e "Resol".

Deixou escritas decenas de obras en galego e castelán, e no ano 1946 foi finalista do Premio Nadal coa obra "Un hombre a la deriva", acompañándole Eulalio Galvarriato con "Cinco sombras" e sendo o gañador José María Gironella con "Un hombre".

Voltemos ao título, a esas "hojillas volanderas" das que Manteiga era colaborador e tamén chamadas "Resol", que aparecen en Santiago en maio de 1932 sendo o seu responsable Arturo Cuadrado.

Sen periodicidade fixa e unha duración de 10 números, prólongase ata o 25-07-36. No 1934 non se publicaría, seguramente debido ás desfavorables circunstancias políticas.

Resol reanúdase na capital arxentina co nº 1 de decembro de 1937 e o nº 2 de xaneiro de 1938.

Impresos en papel coloreado, Resol máis que revista é un prego literario, folleto de pequena dimensión, onde tamén se propaga a poesía do pobo (cantares, romances, adiviñas) e se reproducen debuxos de Castelao, Maside e Luis Seoane.

Como é imposible, debido ao seu tamaño, meter na revista todos os números, soamente colocaremos o encabezamento dalgunha e o contido de todas as revistas.

Resol (Mayo 1932): Poesías.

Luna de miel de Mauricio Bacarisse.

Serranilla do Marqués de Santillana.

La monja gitana de Federico García Lorca.

Berlín en números de Erich Kästner.

Rosas de septiembre de Juan Ramón Jiménez.

Noivos de Luis Amado Carballo.

Primavera de Londres de Ivan Goll.

Bailarina española de Rainer María Rilke, tradución de Abelardo Moraleja.

Las algas de Antonio Nuber.

La madre de Sonia Dubnova.

Hoy llora en mi corazón de Paul Verlaine e o segundo acto de "El estupendo cornudo" de Fernando Crommelynck.

Resol (Junio 1932):

Poesías.

Coplas de Juan de Mena.

Ardor de Jorge Guillén.

Coplas diciendo que cosa es amor de Jorge Manrique.

O cartafol d'o vento de Manoel Antonio.

Huésped de las nieblas de Rafael Alberti.

El candombe de Ildefonso Pereda Valdés.

Cualquiera que seas... de María Scgiahghinian.

Fotomatón de Walter Schirmeier.

Teatro: O cuarto acto de George Kaiser "Gas".

E un suplemento popular de Resol sobre dous lances do Segundo libro de Cousas de Castelao.

Debuxo de Castelao.

Resol (Julio 1932):

Todo poesía en galego. Hai dúas revistas co número 3 e unha co número 4.

Pastorela de Airas Nunes.

O galo de Amado Carballo.

O noivo e mail-a noiva de Manuel Antonio.

Cantiga de amigo de Pero Meogo.

Cantar do berce de Johán Viqueira.

Dedalus en Compostela de Vicente Risco.

Romances da frebe de Ramón Cabanillas.

Río de Euxenio Montes.

Tennis de Xulio Sigüenza.

Negra sombra de Rosalía de Castro.

Do meu diario de Castelao.

Que barba non cuidada de Eduardo Pondal.

O fidalgo de R. Otero Pedrayo.

¡Ai...! De Curros Enríquez.

Oco de Álvaro Cunqueiro.

Tenzón co malvís amigo de Bouza Brey.

Na morte de Esterlina de Rafael Dieste.

I L L A

Poesía de CUNQUEIRO

Dibuxo de SEOANE


1 Illa: oco insumiso,
infantil xogo:
xa non estás
entre a tua mesma luz.
Xa rodas lonxe dobregada-en todo,
¡qué perfecta e qué descoñecida!
illa.

2 Iste é o ponto mesmo.
Eiquif
—entre a corva rota
e inmovel das horas—
párase
cristañita
a roda da noite.
Eiquif
—a ida entre salas desertas
de madurez—
comeza
silenzosa
a roda da i-alba.

3 Unha, dúas, tres: A lancha
enchea de somas, áxiles e nítidas.
Sob de tí voan: craras,
navegantes,
tibias.
Catro, cinco, seis. Gueivotas.

4 Unha cóxega morna: eisi
—entraberta—
que se sinta pasar
intacta e crásca: imaxe
suma breve,
gozo de crara visión.
Lancha.

5 Tamén o mar, hoxe,
ten a i-alma chea de madurez.
—Ouceselle a adolescencia
no vidro do ar
chen d'ancos de vísperas
e de intactas navegazóns obscuras.—
Eisi. Máis alá. Agora da soma:
¿Non che doí o canto,
—redondez morna de beixo preciso—
do sol na soma?



6 Como un ollo: Todo o branco da serán
e todo o -de tan turbo- negro do teu beixo,
—entran un no outro
en presmar
despindo o intre da fatiga da calma—
¿Pra qué xa?

Deixa i-olla:
A serán ábrese crara
con castidade de río. Carn a tua
vas indo, pequenita e núa.

7 Xa non hai aquela sempre
e turba nudez
Teus muslos xa non cheiran
á canzóns agrestes.
Tuas mans xa non tentan
a risa curva e agría.
Coma si houbese preno escuro.

8 Nidia dend'a noite,
tépida dend'a mañán:
¿cómo ollarte pura,
illa?

9 A vosa soedá oúcese
—algas, risas—
rota.
Xa nada hai d-aquela
sinxeleza crecente. O ronsei
—a cor, o ar—
perdeu o fume do seu perfil.
Xa, ren.

Imp. NÓS, Santiago

Nouturnio de Johán Vidal Martínez.

Mariñeira do vento de Johán Carballeira.

Cartón de Jesús Bal.

Romance de noite e mar de Carballo Calero.

E unha breve pucharquiña de Noriega Varela.

Cantar de Victoriano Taibo.

Alalás do mar de Emilio Mosteiro.

No número 4:

Himno galego de Eduardo Pondal.

Encomenda de Manuel Curros Enríquez.

Himno de Alfredo Brañas.

Ruada de Evaristo Martelo Paumán.

A Galicia de

A un gaiteiro de
A Galicia de
Castilla de Rosalía de
Castro.
Galicia de R. Cabanillas.
E dúas poesías máis sen
título de Manuel Leiras
Pulpeiro e Álvaro das
Casas.

Resol (Octubre 1932):
Poesías.

El cantar de los cantares
de Fray Luis de León.

Oda a la revolución de
W. Maiakovsky.

A Santa Catalina mártir
de Sta. Teresa de Jesús.

Condamné de Philippe
Soupault.

Mis rosas de Federico
Nietzsche.

Canción popular del
Cancionero Musical de
los siglos XV y XVI.

Deirdre de James
Stephens.

Villancicos viejos

Imperturbable de Walt
Whitman.

Paraguay de Jacobo
Fijman.

Alegoría de Ramón de
Valle Inclán.

Podoroginik de Anna
Achmatova.

En prosa, El decamerón
negro (Samba Gana) de León Frobenius.

Resol (Diciembre 1932): Prosa e verso.

Os nenos de libro Cousas de Castelao.

Debuxo de Castelao.

Literatura popular de Galicia. Romances do
ciclo compostelán:

A romeira.

Gaiteros de Mormaltán.

Romance de Delgadina.

Cantar de seitura do Val de Couso (Ourense).

Triadas.

Adiviñas.

Resol

hojilla volandera del pueblo - 8



Era un nenino de manteiga, bonito coma un caravel.
Ningunha señora podía ollalo sen bicalo.
Vistidiño coma un príncipe de lenda, tiña un ollar
tristeiro de neno medrao en sedas e bicos.
Os seus traxes primorosos facían do neno un mu-
nequino para bicar con degaro.
O seu traxe de antroido custaba dous meses de
traballo, e a sua nai revíase de ledicia.
Porque a sua veira todol-os nenos daban mágoa,
vistidiños con traxes cativos.
E a fermosura do neno foi a sua desgracia.
Pouco á pouco, na quentura dos agarimos, o neno
fixose mozo. Un mozo cheo de bondade. Unha bondade
chea de inocencia.
O mozo entrou n-unha Academia militar e a sua
nai choraba, choraba; máis no fondo do fondo da sua
y-alma ela ben arelaba que o seu fillo fose distinto.
E cando chegou vistido de cadete a nai entoleceu
de fachenda. E o mozo seguía co-a sua bondade limpa
e branca de neno.
Un día o mozo marchou á guerra, por obriga da
sua profesión.
E alí caíu ferido de morte. E ó morrer non dixó
máis que esta frase tremendamente tráxica.
—;Ay, mi mamafia!

DO LIBRO COUSAS POR CASTELAO

R O M A N C I L L O

<p>Una vez érase que se era...</p> <p>Erase una niña bonita. Se decían todos ternezas y le decían dulces halagos. Tenía la niña una muñeca. Era la muñeca muy rubia y su lindo nombre Cordelia Una vez érase que se era</p>	<p>La muñeca, claro, no hablaba, nada decía a la chiqueta.</p> <p>—«Por qué no hablas como todos y me dices palabras tiernas?» La niña nada responde. La niña enojada se altera. Tira la muñeca en el suelo y la rompe y la pisotea»</p>	<p>Y habla entonces, por un milagro antes de morir, la muñeca: —«Yo te quería más que nadie aunque decirte lo pudiera.»</p> <p>Una vez érase que se era.</p>
---	--	--

Cantigas.

Illa, poesía de Cunqueiro e debuxo de
Seoane.

Ante las torres de Compostela de Gerardo
Diego.

Madrigal, a la ciudad de Santiago de
Federico G. Lorca.

Debuxo de Maside.

Resol (Abril de 1933), nº dedicado a
Portugal: Poesía.

Cançao perdida de Guerra Junqueiro.

A nereida de Harlem de Eugenio de Castro.

Bonecos de Ribeiro Couto.

Sentimentos de contriçao de Bocage.
 Insomnia de Emilio Moura.
 Ser mulher de Martha de Mesquita da
 Cámara.
 Amor de Teixeira de Pascoais.
 Idilio de Antero de Quintal.
 Endechas a Bárbara escrava de Camoens.
 Serranilla de Dom Diniz.
 Em prinkippo de Antonio Patricio.
 Mofina Mendes de Gil Vicente.
 Quadras populares.
 O pharol e o baixel de Vizconde de Almeida
 Garret.
 Soláo de Lourenço Lograr.
 Fala do sol de Teixeira de Pascoais.

Resol, día de Galicia de 1933:

Prosa e poesía.
 Fragmento do Libro Cousas por Castelao e
 debuxo.
 El entierro de Ilucha- El sermón de
 despedida del libro Los hermanos
 Karamazov de Fedor Dostoiewsky.
 El niño pobre de Juan Ramón
 Jiménez.
 Ensueño de Juana de Ibarbourou.
 Si pudieras saber... de Francis
 Jammes.
 Autor de Rabindranath Tagore.
 Descubrimiento del hijo de Álvaro
 Yunque.
 Romance del niño infeliz de Julio
 Sigüenza.
 Juventud! De W. Maiakovsky.
 Jesucristo bendice a los niños de
 San Marcos ,cap. X.
 Texto e fotografía sobre a Colonia
 Escolar del Rebullón en Vigo e
 debuxo de Maside.

Resol (Febrero de 1935): Poesía.
 Soledades de Antonio Machado.
 Elegía a una mocita sevillana de
 José González Ubieta.
 Salmo sobre una voz de Paul
 Valéry.
 Teatro inmóvil de rocas de Rafael
 Dieste.
 A Ivonne Pen- Moor de Charles
 Beaudelaire, tradución de Ramón

Otero Pedrayo.
 San Fiz de Juan Vidal Martínez.
 Pandeireta de A. Iglesias Alvariño.
 Ser o no ser de Feliciano Rolán.
 XXX de Manoel Luis Acuña.
 Luna- sol de Pedro Leandro Ipuche.
 El voto de Antonio Arráiz.
 El nido de Fernán Silva Valdés.
 Canción de Esther de Cáceres.
 Canción de las teas de Juvenal Ortiz
 Saralegui.
 El murallón de la penitenciaría de Álvaro
 Yunque.
 Hombre de Carlos Vega. Epitafio para la
 tumba de María del Carmen de Luis Cane.
 Pasó como una sombra de Córdoba Iturburu.

Suplemento popular de RESOL

GALICIA ≡ ≡ ≡ **CASTELAO**

Unha cousa



Si eu fose autor
 escribirla un-
 ha peza en dous
 lances. A obrilla
 duraría dez minu-
 tos nada máis.

LANCE PRIMEIRO

Érguese o pa-
 no e aparece unha
 corte aldeán. Enriba do estrume hay unha vaca
 morta. Ó redor da vaca hay unha vella velliña, unha
 muller avellentada, unha moza garrida, duas rapa-
 ciñas bonitas, un vello petrucio e tres nenos loiros.
 Todos choran a fío y-enxoitan os ollos co-as máns.
 Todos fan o pranto e dín cousas tristes que fan rír,
 ditos paifocos de xentes labregas, angurentas e co-
 bizosas, que pensan que a morte d'unha vaca é un-
 ha gran desgracia. O pranto debe ter unha gracia
 choqueira, para que estoupen de risa os do patio
 de butacas.

E cando se farten de rír-os señoritos baixará o
 pano.

LANCE SEGUNDO

Érguese o pano e aparece un estrado elegante,
 adobiado con moito señorío. Enriba d'unha mesa de
 pés ferrados de bronce, hay unha bandexa de pra-
 ta, enriba da bandexa hay unha almofada de da-
 masco, enriba da almofada hay unha cadeliña mor-
 ta. A cadela morta semellará unha folepa de neve.
 Ó seu redor chora unha fidalgona e duas fidalgui-
 ñas novas. Todas elas fan o pranto y-enxoitan as
 bágoas con paníños de encaixe. Todas van dicindo
 unha á unha, as mesmas parvadas que dixeron os
 labregos diante da vaca morta, ditos tristes que fan
 rír, porque a morte d'unha cadela non é para tanto.

E cando a xente do galiñeiro se farte de rír á
 cachón, baixará o pano moi amodiño.

(Do "Segundo Libro de Cousas" editado por NÓS).